

A Lei de Educación Dixital de Galiza: un novo disfrace baixo o que agochar as eivas do sistema educativo

Sen contar coas necesidades dos centros nin coa opinión do profesorado unha vez máis a Consellería fixa o seu obxectivo cara a galería e trae á mesa sectorial un texto inviable de levar á práctica sen orzamento específico e dotación de persoal docente e non docente nos centros de ensino

Desde a CIG criticamos que o texto que traen á mesa sectorial non fose enviado ate dous días antes da reunión. A Consellería segue desprezando o principal órgano de negociación do profesorado aludindo a que o texto da lei xa estivo colgado no portal de transparencia, poñen ao mesmo nivel as achegas que calquera cidadán poida facer coa negociación coas organizacións sindicais sobre as nosas condicións de traballo.

Era febreiro cando se anunciou “un proceso participativo” coa comunidade educativa para poñer en común o texto da lei e non é ata agora, finais de maio, xa case rematado o curso escolar, cando se amosa a lei ao profesorado que vai ser en boa parte o responsable da súa posta en marcha. Lamentamos que, tamén para isto, o profesorado sexa o último chanzo.

Desde a CIG Ensino criticamos que se fundamente a implementación desta lei, entre outras cousas, nas bondades dos programas Abalar/E-dixgal ou os Polos Creativos cando o profesorado sabe perfectamente que todos eles tiveron moitas eivas incluso chegando a renunciar á continuación dos mesmos por parte dos centros.

Que supón esta lei para o profesorado? Responsabilidades e traballos

- Temos que asegurar contornos dixitais seguros e inclusivos
- Temos que facernos a nós mesmos protocolos específicos de prevención e actuación fronte a condutas de acoso
- Temos que integrar no plan de Convivencia medidas específicas relacionadas coa xestión ética das interaccións dixitais.
- Temos que xestionar sistemas de préstamo de medios dixitais
- Temos que adoptar medidas técnicas e organizativas axeitadas para garantir a confidencialidade, integridade e seguridade dos datos.
- Temos que implementar as medidas educativas e correctoras se o alumnado no cumpre o exposto na lei

- Temos que actualizar o Plan Dixital do Centro
- Temos que avaliar o proceso de transformación dixital do noso centro e actualizar a memoria
- Temos que dar formación e acompañamento ás familias do alumnado co obxectivo de axustar os programas de acompañamento familiar.
- Temos que integrar o uso educativo da intelixencia artificial (IA) no seu Plan Dixital de Centro, revisalo e modifícalo.

Estas son, entre outras, as funcións e responsabilidades que a administración nos ofrece a modo de normativa non viable sen tempo, persoal e diñeiro.

Destacamos da nosa intervención na mesa sectorial a necesidade de que, de forma inmediata se dote aos centros de persoal administrativo que descargue das tarefas non educativas ao persoal docente.

Fixemos achegas a 43 dos 74 artigos que compoñen a lei insistindo entre outros aspectos na necesidade da formación do profesorado en horario lectivo, que se tomen medidas para que os contidos dixitais en lingua galega sexan unha realidade en todas as materias, que desapareza desta lei a neutralidade ideolóxica, que a administración se comprometa a garantir dereitos e non se limite a fomentalos ou que se delimiten as franxas nas que o profesorado ten dereito á desconexión dixital.

Non se fala da prevención dos riscos dixitais para toda a comunidade educativa nin se establecen prazos para a posta en práctica da lei.

En definitiva, de novo papel mollado, políticas e normativas afastadas da realidade que responden a intereses alleos ás necesidades do sistema educativo que identifica perfectamente o profesorado nos centros e aos que esta consellería segue sen escoitar.

Seguimos vendo como a sociedade e os centros de ensino van a distintas velocidades e así seguirá sendo mentres esta Consellería non teña máis obxectivo que ser pioneiros en publicar normas inútiles, facer propaganda e ser efectivos de cara a galería.

Para concluír, así como esta lei xurde, segundo esta consellería, logo dunha traxectoria sólida, unha posición idónea e políticas sostidas e coherentes no ámbito da educación dixital nós trasladámoslles que o profesorado non percibe da mesma forma todas as bondades desas políticas e que o alumnado nada vai avanzar no que á madurez dixital se refire se seguen facendo políticas de costas á realidade e á opinión do profesorado. Un sistema educativo público de calidade non se sostén con normativa sostense con investimento e escoita.

Esta lei deixará de ser unha mera declaración de intencións se a Consellería a desenvolve especificando todas as medidas propostas ao longo do texto e as financia co orzamento necesario para poder levalas a cabo.

Cuestións xerais de nomenclatura

En primeiro lugar unha cuestión de actualización terminolóxica, ao longo de todo o texto se fala de tecnoloxías da información e a comunicación, TIC, este concepto está totalmente obsoleto, non porque o digamos nós senón que calquera estudo recente que se poida consultar ao respecto da tecnoloxía aplicada ao ámbito da educación emprega outros termos máis avanzados como TRIC (tecnoloxías da relación, información e comunicación) que inclúen as tecnoloxías nas que se establecen relacións entre persoas, ou o termo o termo TAC (tecnoloxías da aprendizaxe e o coñecemento) que é o que se emprega para diferenciar entre as tecnoloxías que soamente dan acceso á información e a comunicación e as que son utilizadas no eido educativo como un medio para acadar a aprendizaxe como pode ser todo o relacionado cos Polos Creativos (unha mesa de luz ou son, a robótica é tecnoloxía pero non te acceso á información..).

As TIC límitanse ao acceso e a compartir información, a tecnoloxía é un fin en si mesma.

As TAC a aprender e construír coñecemento a través da tecnoloxía.

As TRIC a crear comunidades de aprendizaxe directamente relacionadas coa identidade dixital.

En palabras dunha coñecida catedrática de Tecnoloxía Educativa: De nada serve implementar ferramentas avanzadas (TIC) se non se cambia a metodoloxía de ensino (TAC). E non se consegue unha verdadeira educación se non se atende a como o alumnado se relaciona, se desenvolve como cidadán e se coida en internet (TRIC).

Por isto nós propoñemos eliminar da norma o termo TIC e falar das TRIC e as TAC.

Exposición de Motivos

- Utilízase ao longo de todo o texto de forma unilateral “centros docentes” ou “centros educativos”, pedimos que se unifique este uso e sempre se aluda a “Centros educativos”.

- No punto 2 da exposición de motivos e no punto 1 do artigo 5 a palabra “contorna” aparece en feminino cando ao longo do texto sempre se emprega “contorno”, ao ser ambas correctas que se empregue sempre o mesmo.

- Faise unha exposición do ben que funcionan as políticas nesta materia gabándose do programa Abalar e E-Dixgal , parece que nesta análise da traxectoria destes programas non se tivo en conta que moitos centros pediron retirarse da participación deses programas e que so o 68% dos centros públicos que teñen ensinanza de educación primaria ou secundaria están nestes programas, segundo a propia web da Consellería. Por outro lado a implantación dos Polos Creativos tamén tivo nos centros unha acollida diferente, moitos nos trasladaron a improvisación , o gasto innecesario e a falta de formación que impide o seu aproveitamento.

Achegas ao articulado

Artigo 1: no punto 2 cómpre facer referencia tamén á normalización da lingua galega. Despois de “uso” engadir “normalización”. Habería que engadir un apartado 3 con medidas de discriminación positiva de cara á creación de contidos dixitais en lingua galega.

Artigo 3: fins; apartado d) fala de “Asegurar a formación e o acompañamento do profesorado no uso didáctico das tecnoloxías dixitais, promovendo a súa actualización profesional continua e o seu liderado en innovación educativa “ non se fala en ningún outro momento dese acompañamento ao profesorado. Gustaríanos saber en que se traduce na práctica este aspecto. Ademais a formación ten que ser en horario lectivo.

Artigo 4: principios xerais; fálase dos “principios recollidos nesta lei”, no punto 1, no punto 2 dos “citados principios” e faltan os principios, non están.

No punto 2 pedimos que se retire o termo “neutralidade ideolóxica” que xa vimos que pode dar lugar a interpretacións totalmente subxectivas e cuestionables que podemos chamar censura. E pódese engadir como principio da lei “garantía do exercicio dos dereitos fundamentais no ámbito dixital educativo incluíndo a liberdade de expresión” que se menciona no artigo 9 referido á ética dixital.

Artigo 5: engadir ao final un punto 3 “Para facer efectiva a equidade e inclusión dixital dotarase aos centros das partidas orzamentarias necesarias”

Artigo 6: no punto 2 dice “Así mesmo, impulsaranse actuacións que favorezan a incorporación efectiva das tecnoloxías dixitais (...)” entendemos que hai que engadir ao final do parágrafo que “Os recursos dixitais dixitais son complementarios e o profesorado terá autonomía na súa práctica docente”

Artigo 7: no punto 1 a administración non ten que fomentar algo que é totalmente curricular como é a competencia dixital, terá que garantir en todo caso e non procurando a implantación... senón “coa implantación”

Artigo 11: punto 2: de novo fomentárase non é o máis acaído se queremos garantir recursos en galego, ten que poñer “crearase e poranse a disposición do profesorado recursos dixitais en galego”.

Artigo 14: en vez de promoveranse debe por “garantíranse sistemas de préstamo”.

Artigo 17: os centros docentes non deben ser os que adopten medidas técnicas, ten que ser a administración educativa a que se faga cargo dese traballo.

Artigo 19: fálase de facilitar apoios dixitais para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo, a administración educativa ten que garantir

Artigo 20: sobre o traballo do alumnado fóra da xornada escolar e o dereito á desconexión dixital. Que significa este artigo, en que se traduce que non se poderán impoñer “cargas excesivas”, habería que darlle unha redacción máis clara que non deixe lugar a interpretacións por parte das familias. O dereito á desconexión dixital quere dicir que non poden elaborar traballos na casa utilizando medios tecnolóxicos. Entendemos que hai que aclarar a redacción do texto.

A Consellería comprométese a darlle unha nova redacción

Artigo 23: en canto ao correo electrónico desde 5º de primaria, quen os vai formar sobre o seu uso, de quen son responsabilidade as medidas de supervisión e control das que se fala? Por outro lado, no punto 3 “O uso destas contas non terá carácter privado...” parece que vai ter acceso alguén máis que o alumno/a usuario/a, sería máis acaído falar de que “O uso destas contas

terá un uso restrinxido ao ámbito educativo...”

A consellería di que a administración si poderá acceder a esas contas.

Artigo 25: a formación do profesorado terá que ser dentro do horario lectivo, e preguntámonos en que se traduce o apoio por parte da administración educativa do que se fala

No punto “e” do mesmo artigo fala do apoio institucional como un dereito do profesorado, débese incluír, “público” que ese apoio sexa coñecido pola comunidade educativa.

Engadir no apartado a) En ningún caso o profesorado estará obrigado a poñer a disposición da administración educativa os seus recursos persoais; no punto g) nalgún sitio debería especificarse en que momentos non estamos en xornada laboral, establecer franxas horarias concretas nas que non tería que estar dispoñible o persoal docente, por outro lado, fala dos casos de urxencia nos que non se respetaría a desconexión dixital, pedimos que se retire esta alusión posto que non identificamos esta urxencia en ningún caso, nós non temos complementos de dispoñibilidade.

Artigo 27; “condición de autoridade pública leva aparelhada a presunción de veracidade das súas actuacións e o dereito a recibir o tratamento adecuado e o respecto por parte do alumnado, das súas familias e dos demais membros da comunidade educativa, tamén nos espazos virtuais” non sabemos quen vai velar e garantir por este dereito.

“Os centros docentes, no marco dos seus plans de convivencia, incluírán protocolos específicos de prevención e actuación fronte a condutas de acoso, ameaza ou menosprezo dirixido contra o profesorado a través de medios dixitais.” Os centros docentes somos o profesorado, temos que elaborarnos a nós

mesmos o protocolo de prevención?? E en canto aos casos de acoso non poden vincularse unicamente ao Plan de Convivencia senón que teñen que protexerse desde no Protocolo de acoso do persoal docente da consellería.

Artigo 28. Formación en competencia dixital do profesorado.

Apdo. 1. Ao rematar a formación inicial universitaria as persoas tituladas deberían recibir unha acreditación en CDD como mínimo dun nivel A2, e *desta acreditación* debería responsabilizarse a propia Consellería de Educación . Se non, e tendo en conta que se pretende esixir *esta acreditación* como requisito nas futuras probas de *acceso á función pública docente*, as persoas opositoras terán que “pagar” esa formación a través das universidades privadas xa que a propia Consellería non oferta formación a persoas que non forman parte dos seus cadros de persoal. Polo tanto, estaríase esixindo unha acreditación que *nin facilita nin garante*. Tendo en conta que tamén é Consellería de “universidade” debería garantir esa formación inicial ao estudiantado mentres cursa o seu grao cun sistema que permita *a súa acreditación efectiva ao rematar os estudos*.

Tal como aparece redactado no texto do borrador da Lei de Educación Dixital, unicamente se di que a formación inicial (universitaria) do profesorado incluírá contidos e usos pedagóxicos das TIC. Se estes contidos se inclúen deberían acreditarse.

Apdo. 2-3. A participación nas actividades de formación continua en materia dixital deberá realizarse durante o horario lectivo e non simplemente “fomentarse e facilitarse” como consta no borrador. Nomeadamente, isto debe aplicarse ás accións formativas obrigatorias que se nos presentan como

posibles neste texto. Volven chovernos obrigas, pero non facilidades para cumprilas.

4. Proponse o establecemento de convenios coas universidades para que o profesorado universitario das facultades de Ciencias da Educación e “equivalentes” poida acceder á actividades de formación continua en CD organizadas pola Consellería. A CIG-Ensino considera que os docentes universitarios deberían recibir unha formación específica en CDD independente das actividades vixentes de formación continua do profesorado. A Consellería debería establecer un programa de formación continua do profesorado universitario, cunha dotación orzamentaria específica e coa garantía de que este poida asistir en horario lectivo. Con esta proposta de convenio, a Consellería aforra nun programa específico para a formación de docentes universitarios e non concreta como “facilitará” estes asistan, de ser o caso, ao programa existente.

Por outro lado, entendemos que se debería estender a formación do profesorado universitario a toda a universidade. Non sabemos a que se refire o texto cando indica que afectará ao profesorado universitario de Ciencias da Educación e “equivalentes”. As persoas graduadas en historia, matemáticas, física, filoloxía...son susceptibles de seren docentes polo que debería concretarse o termo “equivalente”.

Artigo 29: retirar punto 1 do artigo. Non hai normativa estatal que avale este propósito. Calquera modificación do actual proceso selectivo require dunha previa da normativa estatal vixente, de querer introducir cambios serían posteriores á aprobación desta.

No punto 2: retirar que poderá esixirse un nivel mínimo de CDD, en todos os casos esta competencia terá sido en conta como un mérito máis pero non como un requisito excluín-te.

Ao final do punto, retirar que os requisitos específicos serán determinados nas correspondentes relacións de postos de traballo porque nós non temos RPT.

Artigo 30: sobre as funcións dos equipos directivos, todas as funcións deben ir ligadas a unha redución horaria concreta.

Artigo 31: no punto 2 fálase do órgano de asesoramento tecnolóxico, gustaríanos saber quen son? E débese engadir ao final:... coa maior brevidade posible

No punto 4: non queremos máis responsabilidade para o profesorado. Retirar desde... o profesorado deberá contar coa autorización previa da dirección do centro, e no caso de que se realice un tratamento de datos de carácter persoal, polo órgano superior que corresponda da consellería competente en materia de educación, e observar, en todo caso, os seguintes requisitos.” E mudar por...a inspección educativa garantirá que se cumpran os seguintes requisitos.”

Artigo 32: punto 1, non podemos responsabilizar ao equipo directivo de todo isto, ten que ser a inspección educativa. No punto 2 di que o profesorado terá que actualizar datos do alumnado e “resto da comunidade educativa”, entendemos que isto sobra.

Artigo 33: engadir un punto 1.bis “Este dereito será garantido pola administración educativa”

No mesmo artigo: “Queda prohibida, salvo autorización expresa previa...”, engadir, de todas as persoas afectadas” e retirar o final do punto “cando a gravación sexa realizada polo alumnado, polas familias ou por terceiras persoas alleas ao persoal docente.”

Pedimos engadir no punto 5 a realización de accións motrices á mesma altura que as interpretacións musicais ou artísticas.

A Consellería acepta introducir esta petición específica sobre as accións motrices.

Artigo 34: no punto 1 “Na realización de probas en contornos dixitais” engadir, “que serán excepciónais ante a imposibilidade de levarse a cabo de forma presencial. No punto 4 que di: “...poderán empregarse sistemas de videogravación continuada e técnicas de monitorización biométrica...” pedimos revisar esta redacción, se hoxe en día xa non se poden utilizar sistemas de rexistro biométrico na xornada laboral non se entende que sí poida facerse para a realización de probas en contornos virtuais.

A consellería xustifica a posibilidade legal de utilizar estes sistemas e por iso se contempla.

Artigo 36: onde queda a FP básica e os ciclos medios, e o bacharelato?

Artigo 38: “As persoas responsables de promover e coordinar as iniciativas de dixitalización no centro deberán:” gustaríanos saber quen son esas persoas, acaso estamos aludindo a unha nova figura docente, un cargo sen especificar, un nomeamento para responsabilidade sen salario nin horario como nos teñen afeitos?.

Artigo 39: os centros docentes no punto 1 xestionan e no 2 velan, os centros docentes non fan nada, somos o profesorado no seu conxunto, é necesario tempo para isto. Utilizan dunha forma repetida unha figura estilística que lles gusta, a personificación.

Artigo 40: no punto 4 fala da obrigatoriedade de utilizar determinadas plataformas. Pedimos que se concrete a que se refiren, plataformas de recollida de datos, para a docencia??

Artigo 42: no apartado “B” fala dos documentos de planificación educativa individualizada, podemos deducir que se refire a programas de intervención. Creemos que é mellor utilizar linguaxe que resulte

familiar ao profesorado para que non haxa lugar a interpretacións. No punto “c” entendemos que sobra a alusión á educación híbrida e no punto 2 a consellería non ten que facilitar senón garantir.

Artigo 43: os centros non avalían, avaliamos o profesorado, que polo que pon no punto b teremos que avaliarnos a nós mesmos. Pedimos aclaracións sobre esta avaliación no centro do noso nivel de CDD.

Artigo 45: “Os centros docentes, co apoio da Administración educativa, impulsarán medidas de formación e acompañamento ás familias do alumnado...” , que se faga desde a administración e se libere ao profesorado de “titorizar” ás familias do alumnado. No punto 3 aparece os programas de acompañamento familiar, que é isto?

Artigo 46: “Administración educativa estará habilitada para impor as sancións administrativas que correspondan, de conformidade coa lexislación vixente, así como para instar as accións”, a administración ten potestade de sancionar ás familias?

Artigo 50: fala de que en primaria serán obxecto de tratamento explícito unha serie de contidos numerados no punto 5. A que materia lle imos restar tempo para isto? Que profesorado será responsable destes contidos?

Engadiríamos un punto 9.bis “As persoas que exerzan a xefatura dos departamentos de orientación recibirán formación específica que lle permita levar a cabo as funcións de asesoramento e apoio ao profesorado, familias e alumnado que se lle atribúen na presente lei”

Artigo 51: Engadiríamos un punto 6.bis “ As persoas que exerzan a xefatura dos departamentos de orientación recibirán formación específica que lle permita levar a

cabo as funcións de asesoramento e apoio ao profesorado, familias e alumnado que se lle atribúen na presente lei”

Artigo 55: falase de impulsar e facilitar o ensino a distancia cando a oferta educativa en adultos ten que ser presencial de forma prioritaria.

Artigo 59 punto b: “Tamén se consideran permitidos os asistentes virtuais ou chatbots educativos que resolvan dúbidas frecuentes do alumnado fóra do horario lectivo, sempre baixo control do centro e con contidos supervisados”, de que maneira controlamos o profesorado o que pasa fóra do horario lectivo??

Artigo 65: punto 2, non “polos profesores” senón “polo profesorado”. No punto 3 “As persoas directoras dos centros velarán pola calidade e exactitude dos datos inscritos, realizando comprobacións internas periódicas.” Entendemos que esta labor é da inspección e non dos equipos directivos, aos que estamos obrigando a fiscalizar o traballo dos compañeiros/as.

Artigo 66: engadir un parágrafo “A consellería fornecerá aos centros educativos de persoal administrativo que permita a simplificación e automatización da xestión documental”

Artigo 67: no punto A falta un R a “Rexistros”

Artigo 68: no punto 2 a palabra expediente está mal escrita.

No punto 3 danos algo de vertixe que a “planificación dos recursos dos centros” se axuste a datos estatísticos, entendemos que hai que atender a unha visión cualitativa dos centros e a realidade de cada curso escolar para adaptar eses recursos ás necesidades reais.

Artigo 71: entendemos que dalgunha forma hai que contemplar a autorización na cesión dos datos nos convenios ou colaboracións que estableza a Consellería.

Artigo 74: chama a atención a redacción en futuro, falando de que a Estratexia galega de educación dixital terá por obxecto... cando na exposición de motivos e di que esta estratexia foi aprobada no ano 2021, non se entende que se fale de cara o futuro de recursos e orzamentos cando isto xa debería estar previsto na presente lei.

Botamos en falta falar de prevención de riscos dixitais para toda a comunidade educativa.

Queremos saber cales son os prazos, para cando está previsto a aplicación da lei e o seu desenvolvemento.

OS NÓSOS LOCAIS

SANTIAGO (Local Nacional)

Rúa Miguel Ferro Caaveiro 10
15706 Santiago de Compostela
☎ 981 57 68 00 / Fax 981 575 839
santiago@cig-ensino.gal

A CORUÑA

Rúa Alfonso Molina s/n
15007 A Coruña
☎ 981 169 810 / Fax 981 291 735
acorunha@cig-ensino.gal

BAIXO MIÑO

Praza da Guía 3, Baixo
36780 A Guarda
☎ 986 610 465 / Fax 986 610 465
baixomiño@cig-ensino.gal

MORRAZO

Rúa Atranco 19a, Entrechán 1
36947 Cangas
☎ 986 302 987 / Fax 986 302 987
morrazo@cig-ensino.gal

FERROL

Rúa Eduardo Pondal 41-43
15403 Ferrol
☎ 981 358 750 / Fax 981 358 760
ferrol@cig-ensino.gal

LUGO

Ronda da Muralla 58, 2º andar
27003 Lugo
☎ 982 245 023 / Fax 982 2453 891
lugo@cig-ensino.gal

OURENSE

Parque de San Lázaro 12, 4º
32003 Ourense
☎ 988 238 350 / Fax 988 222 855
ourense@cig-ensino.gal

PONTEVEDRA

Rúa Pasantería 1, 2º Esquerda
36002 Pontevedra
☎ 986 861 513 / Fax 986 855 050
pontevedra@cig-ensino.gal

A MARIÑA

Avenida de Galicia 20, 1º
27700 Ribadeo
☎ 982 129 593 / Fax 982 129 593
amarinha@cig-ensino.gal

VAL DE MONTERREI

Rúa Pedro González 5, 1º
32600 Verín
☎ 988 412 345 / Fax 986 411 013
verin@cig-ensino.gal

VIGO

Rúa Gregorio Espino 47, Baixo
36205 Vigo
☎ 986 827 935 / Fax 986 262 844
vigo@cig-ensino.gal

SALNÉS

Rúa Alexandre Bóveda 2, 2º
36600 Vilagarcía
☎ 986 505 323 / Fax 986 505 323
salnes@cig-ensino.gal